

# 5 A DERMATOSE NODULAR CONTAXIOSA





**Autores do artigo original:** C. Calvo, I. Arnaiz

**En:** *Vaca Pinta* n.º 56: 130-137. 2025

Como consecuencia do cambio climático e da globalización dos últimos tempos, é frecuente a aparición de enfermidades que durante anos estiveron circunscritas a outras zonas do planeta. Este é o caso da dermatose nodular contaxiosa (DNC), enfermidade que foi descrita por primeira vez en Rhodesia do Norte (actual Zambia) no ano 1929 e que se propagou polo continente africano ata que no ano 2013 se foi estendendo polos Balcáns e o occidente asiático a través de Turquía.

En xuño de 2025 houbo un brote en Francia, sen que se puidese saber con exactitude a súa orixe, e posteriormente diseminouse a outras zonas, principalmente procedentes das zonas afectadas. Este feito fixo que o Goberno francés prohibise a saída temporal de gando vacún cara a outros países. En outubro dese mesmo ano apareceron os primeiros focos da enfermidade en España, concretamente na provincia de Girona, e no ano 2026 detectáronse novos casos fóra da Comunidade Autónoma de Cataluña. Así, confirmouse un foco secundario de DNC na provincia de Huesca.

## O axente

A dermatose nodular contaxiosa é unha enfermidade infecciosa transmitida por vectores. Está causada por un virus da familia *Poxviridae* e do xénero *Capripoxvirus* (OMSA, 2024). A este mesmo xénero pertencen os virus da varíola ovina e caprina. Estes tres virus son indistinguibles en probas serolóxicas e moi similares xeneticamente (MacLachlan *et al.*, 2017).

O virus da DNC propágase principalmente por insectos hematófagos, como certas especies de moscas, mosquitos e carrachas. O modo de transmisión parece ser mecánico, é dicir, a propagación do virus é pola picadura de calquera artrópodo que prefira o gando vacún ou os búfalos domésticos, xa que esta transmisión non depende da capacidade do virus para multiplicarse dentro dos vectores. Tamén se observou unha transmisión directa a

través do penso ou augas contaminadas (Mazloun *et al.*, 2023).

O virus da DNC é moi estable; no ambiente persiste nas lesións cutáneas ata 33 días. Nos tecidos infectados e conservados a 4 °C, conserva a súa capacidade infectiva durante 6 meses e pódese conservar a -80 °C durante 10 anos (Blood *et al.*, 1992).

## A enfermidade

### • Síntomas e desenvolvemento

A DNC caracterízase pola formación de nódulos planos, moi circunscritos, sobre todo no pescozo, na entrada e na parede do peito, na parte posterior e medial das coxas, na farinx e na traquea. Ao mesmo tempo, os nódulos linfáticos rexionais infártanse e quedan agrandados durante meses (Rosenberger, 1989).

Outros síntomas que podemos atopar son a lacrimación, o fluxo nasal e a salivación, e ocasionalmente edemas subcutáneos nas extremidades, no peito, no espazo intermandibular, no ubre, na vulva ou no escroto.

Os nódulos poden desaparecer máis tarde ou permanecer durante meses, e poden aparecer lesións similares na musculatura esquelética e na mucosa nos aparellos dixestivo e respiratorio. Algúns nódulos ábreanse e curan nun período de tres semanas a tres meses, e deixan cicatrices con forma de cráter (Rosenberger, 1989; Blood *et al.*, 1992). Así mesmo, poden presentarse lesións ulcerativas na córnea dun ou ambos os ollos, o que provoca visión reducida e mesmo cegueira (Tuppurainen *et al.*, 2021).

Ás veces prodúcense infeccións bacterianas secundarias, que adoitan ser responsables da morte do animal.



Figura 1. Esquema da transmisión da dermatose nodular contagiosa

Fonte: Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia, 2025

Durante a enfermidade pódese observar un aumento da temperatura corporal, de duración variable entre 1 e 14 días.

#### • Diagnóstico e evolución

A Organización Mundial da Sanidade Animal (OMSA) considera que o período de incubación da enfermidade é de 28 días. A enfermidade reconécese polo seu cadro clínico típico, con varios animais enfermos no rabaño. Os casos son esporádicos, dependentes dos desprazamentos dos animais, do seu estado inmunolóxico e dos patróns de vento e chuvía que afectan as poboacións de vectores (OMSA, 2024).

O diagnóstico do laboratorio inclúe técnicas directas de detección do axente causante da enfermidade, como o cultivo vírico ou a PCR, ou técnicas indirectas mediante a detección de anticorpos, como a virusneutralización ou a técnica de ELISA. A OMSA recomenda estas últimas técnicas para empregar nos programas de vixilancia da enfermidade, así como na determinación do estado inmunitario de animais individuais ou da poboación vacinada.

Son numerosos os diagnósticos diferenciais que se poden facer coa DNC, xa que pode compartir síntomas con outras enfermidades como o herpesvirus bovino tipo 2 (BoHV-2), a dermatofitose, a actinomicose, a actinobacilose, a urticaria, as picaduras de insectos, a besnoitose, a febre aftosa, a lingua azul e a estomatite papular bovina, entre outras.

A mortalidade varía entre o 1 e o 10 %, e as consecuencias son de grande importancia económica, xa que consisten nun adelgazamento progresivo, a diminución ou desaparición da produción de

leite, a esterilidade temporal e a imposibilidade de empregar a pel como subproduto. A curación da enfermidade pode tardar semanas (Blood *et al.*, 1992; OMSA, 2024).

### Protocolo de actuación no caso de detección dun brote nunha granxa

A DNC é unha enfermidade de categoría A, polo que non está normalmente presente na Unión Europea; deben tomarse medidas de erradicación inmediatas tan pronto como se detecte a súa existencia (Regulamento de execución (UE) 2018/1882, 2018; Regulamento delegado (UE) 2020/689 da Comisión, 2020).

Aínda que a DNC non sexa unha zoonose, é dicir, non se transmite aos seres humanos nin por contacto cos animais nin por inxestión dos produtos derivados destes, as medidas aplicadas son fundamentalmente para o control da enfermidade nos efectivos gandeiros debido á gran capacidade de difusión e aos graves prexuízos económicos para o sector (MAPA, 2025).

En casos de sospeita, e antes da confirmación, hai unha serie de medidas preventivas que tratan de impedir a difusión da enfermidade, como o illamento dos animais e a prohibición de desprazamentos que non estean autorizados pola autoridade competente. Estas medidas inclúen o inventario e a análise da documentación relacionada coa explotación onde están os animais infectados, así como a documentación propia de cada animal.

Unha vez confirmada a enfermidade, as medidas que hai que aplicar inclúen a inmovilización e o

baleirado sanitario da explotación, a eliminación de cadáveres dos animais sacrificados e dos produtos susceptibles de estar contaminados e unha investigación epidemiolóxica para tratar de coñecer o alcance do brote.

Ademais, haberá medidas de limpeza e desinfección específicas para as enfermidades da categoría A, así como un estrito control de insectos e roedores.

No momento de confirmarse un brote de DNC, establécese ao redor da granxa afectada unha área restrinxida dividida en dúas zonas: **zona de protección**, cun radio de 20 km desde a granxa infectada, e **zona de vixilancia**, cun radio de 50 km ao redor da explotación afectada. A localización da explotación nunha zona restrinxida leva implícita unha serie de prohibicións, como o movemento dos animais e a realización de feiras, mercados ou

concentracións, entre outras. Na Figura 2 obsérvase un mapa elaborado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) no ano 2025, cando se detectou o brote de DNC en Cataluña, onde se pode observar o alcance das dúas áreas.

A mellor forma de loitar contra esta enfermidade é mediante o coñecemento e a concienciación das gandeiras e dos gandeiros, coa instauración e cumprimento de medidas de bioseguridade estritas, nas que destacan o control e vixilancia de movementos, corentenas, limpeza e desinfección de vehículos e instalacións, ademais da loita contra vectores, entre outras.

É fundamental, no caso de observar síntomas compatibles coa DNC, comunicarllelos inmediatamente aos servizos veterinarios oficiais para impedir a difusión da enfermidade.




Figura 2. Mapa no que se observan os focos da enfermidade DNC xunto coas zonas de protección (do foco español, en cor marrón, e do foco francés, en cor verde), así como as zonas de vixilancia (do foco español, en cor azul, e do francés, en cor morada)